



# CULLEREDO

## CONCELLO

### SAN XOÁN 2021

Con motivo da celebración das festas do San Xoán 2021, resulta necesario regular algúns aspectos da nosa convivencia cidadá tendo en conta as medidas de prevención necesarias para previr os contaxios pola covid-19.

O presente bando vén a determinar as disposicións mínimas a cumprir para o mellor desfrute das festas das lumeiradas de San Xoán.

En consecuencia e en uso das facultades concedidas no artigo 124g da lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local,

dispoño,

#### 1. CELEBRACIÓN RESTRINXIDA AO ÁMBITO PRIVADO. NON ESTARÁ PERMITIDA A CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN EN ESPAZOS PÚBLICOS.

Aqueles que realicen a celebración en parcelas privadas deberán realizala acorde coas medidas sanitarias e normativa do contexto sanitario vixente.

- O horario das lumeiradas establece a partir das 18.00 horas do día 23 de xuño.
- As lumeiradas non poderán ter unha altura superior á que determinen os Servizos de Emerxencias e Seguridade Municipais que as inspeccionen, e que en todo caso estará en función da súa situación, das distancias a edificios e a outros elementos do ámbito.
- Non se poderán realizar lumeiradas preto de colectores, vehículos, vivendas, etc... (segundo os criterios do punto anterior e en todo caso cunha separación mínima de 15 metros).
- Non está permitido o uso de combustibles nin acelerantes nas lumeiradas, sardiñadas, barbacoas e similares.
- Deberán contar con extintor ou sistema similar para actuación ante emerxencias.

#### 2. CELEBRACIÓN EN ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS

- Só poderán realizarse as celebracións de San Xoán nos establecementos que consten de terraza habilitada para o consumo, respectando sempre a normativa de aforo vixente.
- O horario das barbacoas, sardiñadas e similares establece a partir das 18.00 horas do día 23 de xuño e atendendo sempre ao horario de peche dos locais.
- Débense manter en todo momento as medidas e recomendacións establecidas pola Consellería de Sanidade no contexto sanitario vixente.
- Non está permitido, en ningún caso, a realización de lumeiradas nas terrazas; tan só barbacoas para uso e disfrute das persoas usuarias do espazo habilitado para tal fin.
- Non está permitido o uso de combustibles nin acelerantes nas sardiñadas, barbacoas e similares.
- Deberán contar con extintor ou sistema similar para actuación ante emerxencias.

#### 3. MEDIDAS SANITARIAS

- Nas celebracións privadas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara. En calquera caso, poderase suspender calquera das celebracións que, a xuízo da autoridade competente, poida supoñer un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.

#### 4. SERVIZOS DE SEGURIDADE E EMERXENCIAS

- Os servizos de Seguridade e Emerxencias Municipais (Policía Local e Protección Civil) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto das ordenanzas municipais, de forma que no suposto de que as persoas responsables de instalacións, actos, eventos (incluídos a celebración de lumeiradas, sardiñadas, barbacoas ou similares) non as retiren ou modifiquen voluntariamente en caso de ser requiridos para iso por razóns de seguridade, poidan proceder á súa retirada inmediata e traslado onde se estime necesario, iso sen prexuízo da iniciación, se é o caso, do expediente sancionador que puidese corresponder.

#### 5. EVENTOS E ACTOS, SARDIÑADAS, BARBACOAS E SIMILARES

- Recórdase que a celebración de lumeiradas, sardiñadas, barbacoas ou actos similares con motivo da celebración das festas do San Xoán están suxeitas a comunicalo ao Concello no Rexistro Municipal ou e-mail ([sanxoan@culleredo.es](mailto:sanxoan@culleredo.es)) indicando os datos da persoa responsable, ben sexan no ámbito privado ou en locais e establecementos de hostalaría, onde debe figurar o nome comercial do local.

#### 6. INFRACCIÓNS

- Nos supostos previstos na lexislación vixente e sempre que existan razóns de seguridade que o aconsellen, á Policía Local poderá proceder, como medida preventiva ao comiso e retirada de todo tipo de materiais, instalacións ou bens móbiles en xeral, logo de requirimento aos interesados cando iso fose posible. Se o comiso fose precedido, procederase á súa destrución ou entrega a centros benéficos.

#### 7. NORMAS COMPLEMENTARIAS

- A concellaría delegada de Seguridade Cidadá e Información queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos esixan.

A Alcaldía agradece a colaboración de todos os veciños de Culleredo na celebración responsable das festas do San Xoán 2021.

Culleredo, 7 de xuño de 2021

O ALCALDE  
José Ramón Rioboo Castro

# bando da alcaldía